

## Alcol

:
 00000771  
 :
 Díaz Balado, Alicia  
 :
 Alcol  
 :
 Esmorga  
 :
 978-84-126701-1-0  
 :
 130x210mm. 202 páx.  
 :
 20,00€



Ao longo da novela, hai referencias a narracións propias da mitoloxía grega e do Antigo Testamento, ben modificadas en harmonía co relato ou ben respectando o seu sentido literal. Inclúense ademais certas profecías nacidas arredor do século XII, atribuídas a personaxes históricos como o francés Xoán de Xerusalén ou a alemá Hildegarda von Bingen. Recóllense breves acontecementos marabillosos narrados no Libro do Infante don Pedro de Portugal, o cal andou as catro partidas do mundo, atribuído a Gómez de Santestevan e datado no século XVI, e a toada que Ariadna recita na súa infancia é "Sur le pont d'Avignon", canción tradicional francesa orixinaria dese mesmo século.

O relato "As ruínas" está baseado na novela O conde de Montecristo de Alexandre Dumas, publicada de forma fraccionada entre 1845 e 1846. O conto "A invención da saudade" constitúe unha versión relatada da proverbial portuguesa "Lenda das amendoiras en flor".

A novela antecédenlle algúns versos do poema "Alcool" do lisboeta, finado en París, Mário de Sá-Carneiro(1890-1916) e Marmor escribe nun calendario unha estrofa de "O barco ebrio" de Charles Rimbaud(1854-1891), poeta nacido en París e falecido en Marsella...

Esmorga:

Esmorga